

BANDO INFORMATIVO: COVID-19 EN VIANA DO BOLO

En relación ás medidas e restricións adoptadas polo Goberno Municipal para paliar a crise sanitaria causada polo COVID-19, esta Alcaldía desexa informar que, **até novo aviso, mantense a suspensión da celebración das Feiras e o peche dos edificios e instalacións municipais** (Casa da Cultura, Sala de Exposicións, Parques infantís e Piscinas Municipais) acordada o pasado 26 de agosto por Decreto da Alcaldía.

Asemade, tras contactar coa Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade en Ourense, non foron comunicados datos oficiais en canto ó número de afectados, en tanto a política actual do SERGAS é non facilitar este dato a non ser que a situación sexa considerada crítica. En calquera caso, **os casos positivos confirmados refírense a gromos familiares localizados, e que están baixo control**. Na actualidade estase a realizar a proba PCR ós contactos dos afectados.

O SERGAS sigue recomendando manter e extremar as medidas de prevención do contaxio habituais: **lavar as mans frecuentemente con auga e xabón ou xel hidroalcohólico, manter a distancia de seguridade e portar máscara**. Lembramos que calqueira persoa que o precise pode porse en contacto co Concello no teléfono **988 340 120**.

O que se fai público para o xeral coñecemento en Viana do Bolo a 9 de setembro do 2020.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.
Asinado dixitalmente á marxe.